

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Datos definitivos 2006

COMUNICADO

Aumento do gasto dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia no ano 2006

No ano 2006 o 57,2% dos viaxeiros de establecementos hoteleiros de Galicia pernoitan en establecementos de tres e mais estrelas.

Segundo datos definitivos da “Enquisa continua de ocupación hoteleira”, o número de viaxeiros dos establecementos hoteleiros de Galicia ascendeu a algo mais de 3,5 millóns no ano 2006, experimentando un crecemento interanual do 2,0%. Pola súa parte o número de viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas de Galicia experimentaron un crecemento do 7,2% respecto ao ano anterior, representando o 57,2% do total.

Enquisa continúa de ocupación hoteleira. 2006. Datos definitivos.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	% total
Viaxeiros entrados	3.599.222	2,0%	100,0%
Viaxeiros entrados (3, 4 e 5 estrelas)	2.058.472	7,2%	57,2%
Pernoitas	7.758.043	2,1%	100,0%
Pernoitas (3, 4 e 5 estrelas)	4.013.862	9,1%	51,7%

FONTE: IGE, INE. Enquisa continúa de ocupación hoteleira

O gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia ascendeu a 535,1 millóns de euros no ano 2006.

Os datos definitivos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” correspondentes ao ano 2006, cifran o importe do gasto total realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas de Galicia en 535,1 millóns de euros, o que supuxo un incremento do 13,8% respecto ao ano anterior.

Neste sentido cabe sinalar o significativo aumento producido tanto no gasto diario medio por persoa, como no número de pernoitas realizadas polos viaxeiros deste tipo de establecementos. Así, o gasto diario medio por persoa situouse no ano 2006 en 133,3 euros, o que supuxo un crecemento interanual do 4,3%. Por outra banda, o número total de pernoitas realizadas no ano 2006 nos establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas de Galicia superou lixeiramente os 4 millóns, experimentando un crecemento interanual do 9,1%.

Segundo a provincia na que se sitúan os establecementos, o gasto realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros das provincias da Coruña e Pontevedra representa no ano 2006 o 88,6% do total, experimentando variacións interanuais en termos correntes do 20,9% e 7,0% respectivamente. O importe do gasto realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros situados nas provincias de Lugo e Ourense ao longo do ano 2006 aumentou nun 17,8% e 7,1% en cada caso.

Segundo a categoría dos establecementos hoteleiros, mais da metade do gasto foi realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de catro estrelas de Galicia, experimentado un crecemento interanual do 11,1% en termos correntes. O gasto realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de 3 estrelas aumentou no ano 2006 nun 16,9%, representando o 36,7% do total. O 10,0% restante corresponde co gasto total realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de 5 estrelas, que experimentou un crecemento interanual do 16,9% en termos correntes.

**Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros.
2006. Datos definitivos.**

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	% total
Gasto total (miles euros)	535.074	13,8%	100,0%
A Coruña	248.186	20,9%	46,4%
Lugo	35.743	17,8%	6,7%
Ourense	25.383	7,1%	4,7%
Pontevedra	225.762	7,0%	42,2%
Gasto total (miles euros)	535.074	13,8%	100,0%
3 estrelas	196.590	16,9%	36,7%
4 estrelas	284.953	11,1%	53,3%
5 estrelas	53.531	16,9%	10,0%

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No ano 2006 o importe do gasto diario medio por persoa foi de 133,3 euros.

O gasto diario medio experimentou no ano 2006 un crecemento interanual do 4,3% en termos correntes, ata situarse nos 133,3 euros.

O gasto diario medio mais elevado foi realizado polos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas da provincia da Coruña, que cun importe de 137,2 euros, experimentou un crecemento do 9,1%. Na provincia de Pontevedra situouse nun importe lixeiramente inferior, descendendo un 0,1% respecto ao ano anterior. Nas provincias de Lugo e Ourense o gasto diario medio por persoa creceu no ano 2006 nun 2,4% e 1,7% respectivamente.

Segundo a categoría do establecemento hoteleiro, destaca o crecemento do 18,3% rexistrado na categoría de 5 estrelas respecto ao ano anterior. A variación do gasto diario medio por persoa realizado nos establecementos hoteleiros de 3 e 4 estrelas foi similar, crecendo nun 3,8% en tres estrelas e un 3,4% en catro, ata acadar un importe de 110,2 e 143,6 euros respectivamente.


Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. 2006. Datos definitivos.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior
Gasto diario medio (euros)	133,3	4,3%
	A Coruña	9,1%
	Lugo	2,4%
	Ourense	1,7%
	Pontevedra	-0,1%
Gasto diario medio (euros)	133,3	4,3%
	3 estrelas	3,8%
	4 estrelas	3,4%
	5 estrelas	18,3%


FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

O perfil do viaxeiro é maioritariamente dun home, de entre 26 a 40 anos, casado, con educación superior, asalariado do sector privado e con residencia no resto de España.


Ao longo do ano 2006, algo máis do 30,0% dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de 3 e mais estrelas de Galicia teñen idades comprendidas entre 29 e 40 anos. Tamén destaca a franxa de idades comprendidas entre 41 e 50 anos, que representa o 28,1% do total. O número de viaxeiros de entre 19 e 28 anos e de mais de 65 anos representan aproximadamente un 10% do total de viaxeiros en cada caso.




Segundo o estado civil dos viaxeiros deste tipo de establecementos, case o 68% dos mesmos está casado, e o número de persoas solteiras representa case o 22% do total.



En canto o nivel de estudos, a maioría dos viaxeiros deste tipo de establecementos teñen educación superior. De feito, o 83,3% dos mesmos dispoñen de estudos de educación secundaria ou superior.



Case a metade dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de 3 e mais estrelas de Galicia ao longo do 2006 son asalariados de sector privado. A porcentaxe de autónomos e de asalariados do sector público e bastante similar e se sitúa en valores superiores ao 15% en cada caso. As persoas xubiladas ou retiradas representan o 12% do total, e séguelle en orde de importancia as "labores do fogar" cun 6,8% do total



O maioría dos viaxeiros son residentes en España. Particularmente, o 21,9% do total son Galegos, o 62,8% do resto de España, e o restante 15,4% estranxeiros.

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Distribución dos viaxeiros segundo o seu perfil sociodemográfico. Datos definitivos


Lugar de residencia	100,00
Galegos	21,89
Resto España	62,58
Andalucía	6,24
Aragón	0,74
Principado de Asturias	6,65
Illas Baleares	1,72
Canarias	2,15
Cantabria	1,16
Castela e León	7,01
Castela- A Mancha	1,81
Cataluña	7,10
Estremadura	0,59
Comunidade de Madrid	18,08
Rexión de Murcia	1,31
Comunidade Foral de Navarra	0,69
País Vasco	3,60
A Rioxa	0,42
Comunidade Valenciana	3,24
Ceuta e Melilla	0,07
Estranxeiros	15,42
Alemania	1,12
Francia	1,25
Portugal	0,45
Reino Unido	1,77
Resto Europa	7,36
Hispanoamérica	2,12
Outros países	1,34
Non contesta	0,11

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en es


En canto aos viaxeiros do resto de España destacan os procedentes da Comunidade Autónoma de Madrid, que representan case o 30% do total. Os viaxeiros residentes en Cataluña, Andalucía e as limítrofes do Principado de Asturias e Castela-León representan mais do 10% dos residentes no resto de España respectivamente.

A viaxe realízase maioritariamente a través de coche propio, en busca de tranquilidade e descanso por parte dun viaxeiro que xa estivera noutras ocasións en Galicia.

O motivo principal da viaxe dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de 3 e mais estrelas de Galicia ao longo do ano 2006 foi a da busca de tranquilidade e descanso para mais do 29% dos viaxeiros. Tamén ten importancia aqueles que realizan a viaxe por motivos de traballo, que representan algo mais do 26% do total. Coñecer o medio natural e paisaxes, a cultura e costumes, así como razóns familiares ou de amizade teñen unha importancia similar representando porcentaxes algo superiores ao 10% do total de viaxeiros en cada caso:



O principal medio de transporte empregado na viaxe foi o coche particular para o 62,5% dos viaxeiros. O 25,2% dos mesmos realizaron a viaxe principalmente en avión. O 7,6% dos viaxeiros viaxaron en autocar, e o 2,1% en tren. Cabe sinalar o 2,8% dos viaxeiros que viaxan por outros motivos no ano 2006, entre os que se consideran aqueles que viaxan camiñando, en bicicleta e outros medios de transporte.



Boa valoración da estancia por parte dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de Galicia de tres e mais estrelas.

Polo tanto, o perfil sociodemográfico do viaxeiro dun establecementos hoteleiro de tres ou mais estrelas de Galicia se corresponde maioritariamente cun home, de idade comprendida entre 26 e 40 anos, casado, con nivel de estudos de educación superior, que traballa como asalariado no sector privado e reside no resto de España.

O motivo principal da súa viaxe, que realiza empregando coche propio, é a busca de tranquilidade e descanso. O viaxeiro xa estivera noutras ocasións en Galicia, e valora a súa estancia cunha nota de 8,3 sobre 10.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
Fax: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>